

Estudis: c) La planificación lingüística

UNHA VALORIZACIÓN PROVISÓRIA DOS PROCESOS ACTUAIS DE NORMATIVIZACIÓN E NORMALIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO *

per Xoán X. SANTAMARIA CONDE

Responsábel do Servizo de Normalización Lingüística do Coléxio de Economistas
de Pontevedra e membro do Comité de Ensinamento do Consello Xeral
de Economistas de España

6

- I. INTRODUCCIÓN
- II. O CADRO LEGAL VIXENTE
 - 1. Os libros de texto
 - 2. A normativización
- III. APLICACIÓN PRÁTICA DA LEXISLACIÓN VIXENTE
 - 1. Consello da Cultura Galega
 - 2. A política de normativización e normalización

I. INTRODUCCIÓN

A Constitución española de 1978 e, en base a ela, o Estatuto de Autonomía para Galiza de 1980 van supor o comezo dos procesos oficiais de normativización e normalización do idioma galego. Polo seu carácter oficial, os tais procesos emarcan-se nun cadro legal, aínda non fechado, do que, nesta altura, xa se pode comezar a facer unha valorización até o momento provisoria polo pouco tempo transcorrido. Non intentamos, pois, chegar a conclusións acabadas; mas, isto si, resaltar as principais virtualidades e deficiencias dos aludidos procesos en curso. E todo isto dentro do que debe ser un plan-texamento mínimamente acaído ao respecto, á luz das conclusións que, desde xa, caben tirar-se.

* O presente texto, reelaborado para esta publicación, é a 2.ª parte restante da Comunicación apresentada polo autor no I Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza (Ourense, 20-24 de Setembro de 1984).

Sen remontar-nos mais aló do remate da guerra civil española, cumpre resaltar as características salientábeis dos precedentes mais inmediatos da actual lexislación lingüística galega. Unha lexislación que, a diferenza da actual aplicábel no ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega, se promulgou con carácter de xenaralidade para os territorios que contan con outra lingua propia diferente ao castellano ou español.

Até 1978 cabe distinguir dúas etapas que van desde 1938 a finais do decénio dos 40, a primeira, e de 1950 a 1978, a segunda. Da primeira fase, de represión aberta, podemos tomar, como exemplos, a Orde de 21 de maio de 1938 sobre cooperativas pola que, no seo das mesmas, proíbe-se o uso de outro idioma que non sexa o castellano, a de 8 de abril de 1939 que establece outro tanto para as hospedarias, a de 20 de maio de 1940 sobre propiedade industrial que rexeitaba, ademais dos vocábulos estranxeiros, os pertencentes a «dialectos distintos del idioma castellano que están en pugna con el sentimiento nacional y españolista...», así como tamén acontece con a Orde do 16 do mesmo mes e ano a respecto de rótulos e anúncios. Na segunda etapa temos os Decretos 1.433/75, en aplicación da Lei Xeral de Educación, e o 2.929/75, polos que se incorporan as linguas *nativas* ou *rexionais* aos programas de Pré-escolar e da E.X.B., e á Administración do Estado e dos organismos, entidades e particulares, respectivamente.

En materia de uso do idioma español e, no seu caso, das outras linguas propias non existe, na primeira fase e parte da segunda, unha lexislación sistemática senón dispersa e referida a cuestións mui puntuais. A partires dos anos 1950, cando se cria na Galiza a «Editorial Galaxia», entra-se nunha nova fase caracterizada por unha relativa tolerancia limitada pola censura vixente. En todo caso cumpre salientar o similar tratamento que se lle outorga ás restantes linguas españolas en comparanza con o que se lle dispensa, mais ou menos, ás estranxeiras. Primeiramente posibilita-se, con carácter voluntario, a aprendizaxe de aquelas. Despois, por Orde de 1 de agosto de 1979, asigna-se-lle ao galego tres horas no cadro horario da 1.ª etapa da E.X.B., na que están ausentes os idiomas estranxeiros, e as mesmas tres horas semanais, como para o idioma moderno estranxeiro, a partires do 6.º curso da E.X.B. Ao mesmo tempo, polo Real Dto. 1.981/79, establece-se a voluntariedade do ensino en galego das outras materias ou disciplinas para Pré-escolar, Educación Xeral Básica e Formación Profesional de 1.º grado.

Na segunda fase a lexislación xa se presenta de forma mais sistemática e concreta. Posibilita-se, en 1975, o ensino das chamadas linguas «nativas» en coherencia con o respecto que formalmente se lles dispensa, nas relacións familiares privadas exclusivamente, polas devanditas Ordes de 1940. En todo caso estas consideracións fan-se sempre, como mesmo acontece hoxe, deixando a salvo «la importancia trascendental del idioma castellano como lengua oficial» (Decreto 2.929/75) como se, con este cadro legal, e mesmo o vixente na actualidade, llescoubese algunha restrición relevante ou algun tipo de ameaza séria aos castellanos parlantes para os seus dereitos na con-

dición de tais. Se nos atenemos ao decreto polo que, en 1975, se amparan e protexen polo Estado as demais línguas españolas, a pesares do verbalismo do artigo 1.º, tal protección non consistía mais que en pode-las utilizar oralmente e por escrito nos meios de difusión, nos actos e reunións de carácter cultural, oralmente só na vida interna das entidades locais, pois que, nas sesións plenárias, todo o que teña de reflectir-se en acta deberá-se expresar en idioma oficial, así como tamén, nos actos culturais de calquera índole, se poderían utilizar as outras línguas. O artigo primeiro sinala que: «las lenguas regionales son patrimonio cultural de la nación española y todas ellas tienen la consideración de lenguas nacionales. Su conocimiento y uso será amparado y protegido por la acción del Estado y demás entidades y corporaciones de derecho público». En troca, na aplicación práctica, rexeron os artigos 3.º e 4.º segundo os que: «El castellano, como idioma oficial de la nación y vehículo de comunicación de todos los españoles, será el usado en todas las actuaciones de los altos órganos del Estado, Administración Pública, Administración de Justicia, Entidades Locales y demás Corporaciones de derecho público»; «Será asimismo el idioma utilizado en cualesquier escritos o peticiones que a los mismos se dirijan o que de ellos emanen» e, finalmente, dentro da permanente defensa dos dereitos dos castellanos parlantes exclusivamente: «ningún español podrá ser objeto de discriminación por no conocer o no utilizar una lengua regional». Contrasta, pois, nesta etapa máis permisiva, o recoñecemento de limitados dereitos para os galegos, cataláns e vascos parlantes con os que, sen limitación algunha, se amparan e protexen para os castellanos parlantes que socialmente son os que non o necesitan. Eis a razón pola que estamos perante unha lexislación que, con posterioridade aos avances que na práctica se van producindo en prol do uso das demais línguas españolas, recoñece parcialmente tais avances e, consecuentemente, regula-os e refrea-os.

II. O CADRO LEGAL VIXENTE

Enlazando con a Introducción, proseguimos a descrición do dereito lingüístico galego ou aplicábel na Galiza segundo a orde cronolóxica dos diplomas a comentar.

En primeiro lugar hai que resaltar a vixencia de lexislación anterior á promulgada xa polos órgaos autonómicos galegos, sen prexuízo das derogacións ou modificacións que estes poden introducir nun próximo futuro, dado que a promoción e o ensino da lingua galega é unha das materias de exclusiva competencia da nosa Comunidade Autónoma (art. 27.20 do Estatuto de Autonomía). A pesares do Decreto da Xunta da Galiza 135/83 polo que se desenvolve, para o ensino, a Lei de Normalización Lingüística, actualizouse simplemente a lexislación anterior en materia de autorización de libros de texto. Non esquezamos, ademais, que, aparte de que a falta de dereito propio da Galiza é de aplicación supletoria o dereito español común, no entanto o Parlamento da Galiza non lexisle sobre as

matérias da sua competencia, continúan en vigor as leis e disposicións da Administración Central do Estado, sen prexuízo do seu desenvolvemento lexislativo ou, no seu caso, execución pola Comunidade Autónoma (art. 38.2 e disp. t. 3.ª do Estatuto).

1. *Os libros de texto*

Pois ben, a respecto da autorización de libros de texto e material didáctico redixido en lingua galega, temos a Resolución de 15 de Outubro de 1980 que ven aplicar o artigo 7.º do Real Decreto 1981/79 xa aludido na Introducción. Este artigo que, na tal Resolución, aplica a Comisión Mista Ministerio de Educación-Xunta da Galiza sinala o seguinte: «A autorización de libros de texto e material didáctico destinado ao ensino da Língua Galega, así como, cando proceda, a das versións nesta Língua dos demais libros de texto, realizará-a unha Comisión Mista, constituída por representantes da Administración do Estado e da Xunta da Galiza, que na súa actuación se aterá con carácter xeral ao disposto no Decreto 2.531/1974.» De acordo con o Decreto 2.531 e a Orde de 2 de Decembro de 1974 que o desenvolve, a devandita Resolución ven reproducir a Portaria polo que fai, exclusivamente, aos libros de texto e material didáctico en lingua galega, substituíndo, ademais, as mencións en relación ao Ministerio de Educación polas da referida Comisión Mista. E isto sen apenas outras alteracións que a supresión da inexistente entón «Secretaría General del Movimiento» á que se referen os artigos 3.º do Decreto e 4.º da Orde ou a dun prezo máximo de venda que, segundo a Resolución, o establece libremente o editor. Non obstante a actualización levada a cabo da lexislación estatal citada resulta confusa en varios puntos:

1.º A normativa estatal de referencia na que se basea a Resolución da Comisión Mista fala só das orientacións pedagóxicas a ter en conta polo solicitante para poder obter a correspondente aprobación ou autorización (art. 4.º do Decreto 2.531/74, art. 1.º, 2.ª, alínea e 7.º da Orde de 2-XII-74). No entanto, a Resolución da Comisión Mista óbvía isto e introduce as normas lingüísticas en vigor entón ás que se aterán os libros de texto e material didáctico que se pretendan utilizar (art. 1.º da Resolución). Non se entende moi ben, pois, como se pode aprobar pedagoxicamente un libro de texto en galego ou de lingua galega a falta dunhas orientacións pedagóxicas ás que ater-se os solicitantes, e que si existen para o caso do castellano ou español. Desde xeito a Comisión Mista, como na actualidade fai a Consellería de Educación, autorizou libros de texto baseando-se só en informes lingüísticos cando o prescrito na norma de referencia é a autorización pedagóxica (art. 6.º da Resolución).

2.º Os informes lingüísticos que se solicitaron e solicitan, ao amparo do artigo 5.º da Resolución, emiten-nos entidades non determinadas expli-

citamente nesta norma de Comisión Mista. No entanto o artigo 5.º da Orde citada sinala os entes —as Direccións Xerais de Ordenación Educativa e de Formación Profesional e Extensión Educativa— aos que lles cumpre establecer os criterios de valoración a aplicar.

3.º O prazo para emitir os informes tamén non están fixados previamente na Resolución como si, en troca, acontece no artigo 3.º da Orde. Deste xeito propician-se arbitrariedades na aprobación con simplemente pospor a emisión da mesma, no caso do idioma galego, con a conseguinte inseguranza xurídica.

Respeitante á lexislación que, na actualidade, regula todo isto, temos en primeiro lugar o Real Decreto 1.763/1982 de 24 de xullo (D. O. da G., 18-VIII-82) polo que a Comunidade Autónoma Galega asume competencias en materia de educación. Entre as competencias ou funcións que a partires de entón son da incumbencia da nosa Comunidade, temos:

«(...)

»g) A elaboración, aprobación e execución dos planos, programas e orientacións pedagóxicas que desenvolvan e complementen as ensinanzas mínimas que establezan os órganos centrais do Estado dentro da ordenación xeral do sistema educativo. E todo isto sen menoscabo do disposto no artigo 3.º do Constitución e nos artigos 5.º e 27.20 do Estatuto de Autonomía para Galiza, a respecto do uso da lingua galega no ensino.

»h) A elaboración, aprobación e execución dos planos, programas e orientacións pedagóxicas para o ensino do idioma galego.

(...)

»j) A aprobación de libros de texto e demais material didáctico e orientacións pedagóxicas a que se referen os apartados g) e h) e que vaian ser utilizados na Galiza, tanto en galego como, se fose o caso, en castellano ou español, sen prexuízo das competencias que se reserva o Estado en relación ás ensinanzas mínimas...»

En aplicación do Real Decreto acima reseñado, promulga-se o Decreto 102/1982 de 11 de agosto (D. O. da G., 18-VIII-82) polo que, segundo os artigos 3.º a) e 5.º a), corresponde-lles ás Direccións Xerais de Educación Básica e de Ensino Médio, respectivamente, a elaboración dos planos, programas de estudos, orientacións pedagóxicas e aprobación de libros de texto e outro material didáctico nos termos do Real Decreto 1.763/1982. Pois ben para libros de texto e material didáctico de uso na Galiza, en idioma galego e, nomeadamente, de lingua galega, as devanditas Direccións Xerais da Consellaría de Educación e Cultura da Xunta da Galiza limitan-se a aprobar ou autorizar en base unicamente ao informe favorábel previo da Dirección Xeral de Política Lingüística e sen aludir, nas correspondentes resolucións, ás orientacións pedagóxicas sobre as que tais Direccións Xerais son competentes. E esta lagoa, ou ausencia de referencia ás orientacións pedagóxicas que se establecen a partires da lexislación estatal, pode propiciar, desde xa,

indesezábeis contenciosos sobre a *matéria* entre a *Administración Autónoma* e a *Central* pois que é a esta á que lle cumpre, entre outras *matérias educativas*, a *regulacións das condicións de obtención de títulos académicos e profesionais* (art. 149.1.30 da *Constitución*).

En todo caso cumpre resaltar que, no tocante ao uso dos libros de texto e material didáctico para os alumnos, non existe explicitamente obrigatoriedade nengunha, e menos aínda no caso das guías do profesor. Simplesmente, para utilizar como tais os libros de texto e outro material didáctico, se precisa a *pertinente autorización*.

Tendo en conta que, na actualidade, os libros de texto están fortemente *desaconsellados polos mellores especialistas en didáctica* e, en xeral, cuestionados por *movimentos de renovación pedagóxica* desde *Coménio e Rousseau* até hoxe, *semellase-nos*, por todas as razóns apuntadas, *necesária a substitución da normativa legal vixente*. Non esquezamos que a *orixe da mesma veu determinada polo desexo dos poderes públicos de controlaren*, mesmo ideolóxicamente, os *contidos concretos do ensino* cando, para o cumprimento da *programación establecida*, non son *insustituíbeis os libros de texto*. O *simples exercicio da liberdade de cátedra*, *compatibelemente mesmo con as demais liberdades no ensino*, *posibilita a utilización, polo profesor, de calquera libro de consulta e calquera outro material que na práctica habitual xa non requiren autorización expresa*.

2. *A normativización*

A primeira normativa ortográfica oficial é a que, na *pré-autonomía*, recolle o *Boletín Oficial da Xunta da Galizia* núm. 10, en 1980. Elaborara-a unha *Comisión integrada por membros da Real Academia Galega, do Instituto da Língua Galega e do Departamento de Filoloxía Galega da Universidade*. O mesmo do que as anteriores normas lingüísticas da *Real Academia* (1971) e do *Instituto da Língua Galega* (1977) *apresenta-se como experimental e, en consecuencia, perfectíbel*. Como do que se trata é de que *sexa o mesmo proceso normalizador do idioma galego o que decante, en cada caso, unha das opcións posíbeis que se indican, á par que se ten en conta o proceso iniciado particularmente en 1971, reconece-se, por primeira vez, a ortografía histórica ou tradicional do galego*. Foron, na *sua curta existencia, unhas normas propiciadoras da concórdia e diálogo permanente de cara á unificación aínda non posíbel dun xeito prematuro*. «Por vía de regra, a *ortografía dunha lingua non se elabora cientificamente por unha comisión de expertos...*» (*Introdución ás Normas Ortográficas da R.A.G., 1971*). E así a *Comisión das Normas de 1980 previa unha futura reorganización da ortografía galega para que, con tempo suficiente, se puidese aconsellar unha ou outra opción, tradicional e moderna, que se puñan a proba*. E todo isto porque segundo a *mesma Comisión, non sería posíbel unha rixida armazón de preceitos impostos arbitrariamente, dun xeito autoritario e con solucións unívocas*. Porén, por *Decreto 173/1982, de 17 de novembro, aproban-se oficialmente unhas*

novas normas ortográficas e morfolóxicas, acordadas polo Instituto da Língua Galega con a Real Académia. E estas si, en contra do que dous anos antes subscreberan a maior parte dos seus autores, se pretenden como unificadoras ao excluíren xa a opción reintegracionista, tradicional ou histórica.

No tocante ao diploma legal polo que se aproban as normas ortográficas e morfolóxicas do I.L.G.-R.A.G., 1982, cabe salientar que, de conformidade con o artigo 1.º, a tal aprobación é-o como normativa básica para a unidade —e non aínda por tanto: de unidade— ortográfica e morfolóxica da lingua galega. Por outra banda non se establece nengun tipo de obrigatoriedade respecto das mesmas, salvo o seu ensino no artigo 4.º. E isto non significa que necesariamente sexa obrigado o seu uso no ensino en xeral nen no das normas en cuestión. O decreto de referencia legalizada, pois, a paradoxa de que se poda ensinar a normativa oficial mesmo en galego reintegrado. Por outra banda non esquezamos que o uso do idioma galego —como tamén non o do español— non é un deber senón un dereito (art. 3.º1 da Constitución e 5.º2 do Estatuto de Autonomía). En consecuencia, ao non poder impórse legalmente o uso dun ou de outro idioma, tampouco se pode obrigar a utilizá-lo, na escrita, dun xeito determinado cando estamos, no caso do galego, perante unha lingua insuficientemente normativizada.

Estamos, ademais, ante unha normativa, a oficial, aínda non concluída por falta dun Vocabulário Ortográfico Básico da Língua Galega ao que se refere o artigo 3.º do correspondente diploma. Tal vocabulário terá carácter oficial no caso de que se publique, polo Instituto da Língua Galega, no prazo, xa transcorrido en grande parte, de dous anos a partires da promulgación do Decreto (Diário Oficial da Galiza, 20 de abril de 1983). Por outra banda, non é tampouco definitiva. Segundo o artigo 2.º, o Instituto da Língua Galega e mais a Real Académia, previo acordo conxunto, poderán elevar á Xunta da Galiza cantas melloras estimen convenientes incorporar ás normas básicas. E, finalmente, só no caso dos libros e material didáctico que deban ser autorizados conforme á normativa legal vixente na materia deberán axustarse ás normas lingüísticas aprobadas (art. 5.º do Decreto de Normativización). O Conselleiro da Presidencia, a proposta do de Educación e Cultura, fixará os prazos nos que se deberán axustar á nova normativa ortográfico-morfolóxica os textos que á entrada en vigor do presente Decreto estexan aprobados e publicados (art. 6.º). A Xunta da Galiza poderá, ademais, autorizar aquelas publicacións que total ou parcialmente se arreden da normativa aprobada, tendo en conta razóns de índole histórica, didáctica, ou outras semellantes, e sempre —ao non prosperar unha proposta no Parlamento tendente a suprimir esta frase— que obedezan ao criterio de respectar textos literarios ou de outra natureza que foron publicados antes da entrada en vigor da presente norma (art. 7.º).

O Decreto de Normativización, publicado denantes da Lei de Normativización Lingüística do Idioma Galego, non foi revisado á luz desta lei que, na súa disposición adicional, fala somente da Real Académia Galega, única institución á que se lle reconece autoridade nos seus criterios en cuestións

relativas á normativa, a súa actualización e uso correcto da lingua galega. Esta normativa será, ademais, revisada en función do proceso de normalización do uso do galego (alínea 2.ª da devandita Disp. Adic.). Unha disposición posterior e de maior rango legal do que o Decreto de Normativización ven clarificar, por se houbese dúbidas, que a normativa oficial non é, como xa indicamos, definitiva, acabada nen perfecta.

III. APLICACIÓN PRÁTICA DA LEXISLACIÓN VIXENTE

Feita a precedente andaina polos diferentes diplomas legais que regulan a normativización e normalización do idioma galego, cumpre xa comezar a facer unha primeira valorización do camiño que, na práctica, se leva andado.

O primeiro que salta á vista é a falta de todo tipo de referencia ao deseño da correspondente política de normalización, a pesares da mesma lei que a establece, e, en consecuencia, tamén a de posíbeis organismos, salvo algúns mui contados, através dos que realizar e valorizar tal política. O feito de que non existan servizos, dos que fala a mesma lei de normalización, encargados de asesorar e levar a cabo o proceso normalizador resulta nomeadamente concordante con o carácter meramente voluntarista da lei de referencia.

1. O Consello da Cultura Galega

Non obstante, por mandato do artigo 32 do Estatuto de Autonomía para Galiza criou-se, por Lei 8/1983 de 8 de xullo (D.O. da G., 9-VIII-1983) o Consello da Cultura Galega que presenta unha composición xa mui discutida desde que se elaborou e promulgou a lei devandita. Até o momento a única tarefa levada a cabo pola súa Executiva, con a aprobación ou non do Pleno do Consello, foi a da elaboración do Regulamento de Rexime Interior que, despois de se lle presentar ao Presidente da Xunta da Galiza, publicou, como decreto, o *Diário Oficial da Galiza* o pasado 18 de agosto de 1984.

Deixando agora, por ser cuestión xa pasada, o feito de que mesmo no Estatuto o que se debería contemplar é un Consello Galego de Cultura e non somente de Cultura Galega, polo carácter universalista que toda manifestación cultural ten sempre, a composición do Consello ven determinada polo artigo 3.º da lei que o crea. Polo que fai á mesma, observa-se a preeminencia de distintas institucións académicas e contadas institucións científico-culturais galegas. E así non existen, como deben, representacións das moitas e variadas modalidades do facer cultura. Tais son os casos, por exemplo, da música, do cinema, do teatro, das artes plásticas, do libro, dos escritores, das bibliotecas ou das asociacións profesionais ás que tamén lle cumpren tarefas de normalización cultural e lingüística. En todo caso, mais do que aos vinte e tantos membros con os que conta o Consello e dos que va un anuncio a súa dimisión, a quen corresponde a responsabilidade destas ausencias

ou omisión é precisamente aos parlamentários galegos que aprobaron a lei tal como se promulgou. En segunda instancia, aos membros iniciais do Consello que representan ás institucións citadas no artigo 3.º Ao faceren uso do núm. 1, letra «f» deste artigo, polo que elixeron a dez personalidades relevantes nos distintos campos da cultura, non cobriron minimamente as lagoas apuntadas. E así, institucións como as citadas no apartado «e» do artigo 3.º¹ ás que, por lei, lle cumpren un representante ou, como máximo, dous, teñen, en algun caso, un número dos seus membros superior ao inicialmente previsto. E, ao dicermos isto, que conste que non estamos cuestionando os méritos destes dez membros do Consello senón o feito de que, ao pertenceren algúns a entidades xa representadas previamente, non se abriu como se podía o abano de representacións institucionais. En todo caso hai tempo para subsanar erros pasados. Unha vez que o Consello deseñe, canto antes, o que vai ser o seu labor, para o que conta dun orzamento de dez millóns de pesetas para o ano 1984, e organigrama concretos, poderá facer uso dos núms. 2 e 3 do citado artigo 3.º invitando, para tarefas específicas e mais ou menos puntuais a representantes de centros de investigación, medios de comunicación, asociacións culturais e outras institucións galegas que poden ser ouvidas e participar nas Ponencias. Polas razóns apuntadas respecto á composición do Consello, tal como se nos apresenta na actualidade, deberían os seus integrantes manifestar unha especial sensibilidade por todo tipo de iniciativas que sobre a cuestión poden surxir desde estas outras institucións ausentes. Cando se trate de tarefas a desenvolver para mais longo prazo, cumpre incorporar novas entidades ao Consello. A súa funcionalidade non vai depender tanto de que non se conte, como se dixo, con un número delas excesivo, senón da creación de múltiples seccións que, debidamente coordinadas, deben propiciar a participación de quen o desexe e teña algo concreto que ofrecer nas tarefas que o desenvolvemento do Consello vai exixir. Polo mesmo feito de que o Consello terá de funcionar en Pleno e poderá face-lo tamén en Ponencias e Comisións Técnicas concretas, fixas ou temporais, e en Seccións, resulta factíbel pois que, ao amparo do artigo 7.º, se reduzan as lagoas xa sinaladas através do funcionamento que se debe deseñar.

No tocante ás competencias do Consello da Cultura Galega hai que resaltar que, explicitamente, con respecto á lingua pode ocupar-se do seu fomento simplemente. Ademais do da cultura en xeral, segundo o artigo 6.º, pode tamén analizar cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural, investigar e avaliar as necesidades culturais do pobo galego, organizar actuacións dentro e fora da Galiza —mesmo para este caso conta con representación no Consello de Comunidades Galegas asentadas no exterior (art. 13.1 c) da lei de recoñecemento da galegitude)—, asesorar e consultar aos poderes públicos galegos no que xulgue preciso para os seus fins e elevar cantos informes e propostas estime oportunos.

A mesma lei pola que se constituíu o Consello garante-lle o financiamento das súas actividades sen prexuízo do Fondo Cultural Galego que contempla o mesmo artigo 32 do Estatuto non desenvolvido aínda neste punto. A lei

do Consello, pola súa banda, outorga-lle ao seu presidente, de conformidade con a executiva, autonomía de xestión económica. O Consello elaborará o seu orzamento, de acordo con a Xunta da Galiza, e figurará como unidade orgánica dentro do Orzamento Xeral da Comunidade Autónoma que somente aproba o Parlamento (art. 10). En consecuencia as receitas das que o Consello dispoña non as vai a establecer el mesmo, como parece criar algun dos seus mais destacados membros, senón a Xunta da Galiza que unha vez que o ouza preparará ao Parlamento unha cifra global. Por outra banda, o orzamento que a partires de aquí desenvolva e aplique o Consello da Cultura Galega continua submetido aos mesmos controlos de fiscalidade e transparencia que existen para todos os fondos públicos.

Desde o punto de vista da normalización lingüística, e mesmo da normativización do idioma, o Consello poderá fomentarlas, asesorar e elevar propostas á Xunta da Galiza. Como órgano consultivo e asesor carece de competencias concretas e debidamente establecidas. Polo tanto, perante a ausencia aínda de servizos específicos de normalización lingüística, outra das súas lagoas radica en que a lei non lle asigna tampouco ao Consello funcións concretas ao respecto das que podería e debería ocupar-se, mas das que, en troca, pode simplemente preocupar-se. En todo caso o que resulta aínda mais chamativo é que, nesta altura, nen sequera grande parte das destacadas personalidades galeguistas, que teñen asumido algún tipo de responsabilidade política e cultural nestes temas, non teñan transmitido á opinión pública galega o labor que proxectan realizar, con un mínimo de detalle e precisión.

2. *A política de normativización e normalización*

A pesar de que as disposicións legais someten prevén o ensino das normas ortográfico-morfolóxicas vixentes, hai que resaltar que de facto estánse impondo en abuso mais do que en uso por tanto da legalidade, pois son estas as únicas que se ensinan en todo tipo de cursos para funcionarios e profesionais diversos. E o que é mais grave radica en que aos alumnos non se lles di que, ao amparo da disposición adicional da lei de normalización, tal normativa para a escrita do galego é revisábel como, segundo se dispón no decreto de normativización (art. 2.º), perfectíbel.

Resulta incoerente que, no entanto a lei de normalización alude á Real Academia Galega para o tema da normativización, o decreto correspondente promulgado con anterioridade resalte conxuntamente ao Instituto da Língua Galega e a Real Academia, con a conseguinte inseguranza xurídica no caso de algun tipo de discrepancia sobre o tema, que poda haber no futuro, entre ambas as institucións devanditas. Desde o punto de vista da mais elemental técnica xurídica e na medida en que tal lagoa posibilita todo tipo de arbitrariedades, resulta sorprendente que algo: o Vocabulário Ortográfico Básico da Língua Galega, poda estar oficialmente vixente, ao amparo do artigo 3.º do decreto de normativización, cando aínda non existe. E todo isto somente cabe atribuí-lo á ausencia do correspondente asesoramento xurídico previo que, en

este como en calquera outro tipo de lexislación, se poderia solicitar mesmo dos coléxios de advogados se se lles vinculase, como no caso catalán, ao proceso de normalización lingüística.

Por se houbese dúbidas da obrigatoriedade ou non no uso da normativa oficialmente aprobada: a do I.L.G.-R.A.G. de 1982, hai que resaltar que o Parlamento Galego, na práctica, non a considera de emprego obrigado. Habitualmente, nas páxinas finais do seu Boletín, recolle, para aclaración de todos, que: «Os textos en idioma galego transcriben-se, literalmente, na forma lingüística utilizada polos seus autores» polo que non se redixen necesariamente os textos do Parlamento segundo a normativa oficial.

Hai que resaltar tamén a ausencia absoluta de relacións institucionais con outro tipo de entidades, mesmo de filólogos e pedagogos que defenden, para a escrita do galego, unha normativa progresivamente adaptada á ortografía histórica, tradicional e etimolóxica, tendencia que na actualidade sustenta a opción reintegracionista fronte á oficialmente imperante. E esta opción ve-se mesmo respaldada pola historia da Real Academia Galega como pola práctica de pasados e actuais membros seus. Cando esta institución se plantexou a necesidade dun Dicionario Galego-Castellano, que se comezaria a elaborar desde 1913 até 1928 sen que sobrepasase aínda o vocábulo «cativo», acordara previamente redixi-lo segundo a ortografía etimolóxica (Acta da sesión de 26 de abril de 1906).

E iste diálogo ausense resulta inevitábel tendo en conta que, ademais, carecemos na Galiza dunha entidade académica que propiamente teña por obxecto ocupar-se e preocupar-se pola lingua galega. A Real Académica tería, para se-lo da Língua, de reformar os seus estatutos. Reforma, por outra banda, xa anunciada polo seu presidente. Un dos aspectos a reformar, pois, sería o da súa denominación oficial: «Real Academia Gallega de La Coruña» polo, se se estima pertinente, de «Real Academia Galega da Língua». O Instituto da Língua Galega, a outra entidade que participa oficialmente nos procesos de normativización e normalización do idioma galego, é pola súa parte un ente investigador adscrito á Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. A súa misión específica é, pois, a de estudar e investigar en prol da lingua galega e, no seu caso, asesorar mas non executar unha política lingüística que a quen lle cumpre é aos poderes públicos galegos.

Somente as lagoas, incoerencias, e aplicación mesmo non adecuadas da lexislación autonómica en materia de lingua, explican a existencia dun proceso oficial normalizador contradictorio e, por outra banda, insuficiente. O que é oficialmente válido para uns non o é para outros e isto está comezando a supor contenciosos, xa plantexados perante os tribunais, polos posibles abusos na imposición, para a escrita do galego, da opción, mais que oficial propiamente dita, só oficialmente aprobada sen rexeitamento explícito de calquera outra. Textos recentes redixidos por instancias oficiais e empresas públicas nos que non se segue exculpulosamente a normativa oficial existen en abundancia. Tais son os casos dos textos bilingües de determinados impresos da Facenda Pública Central ou das guías telefónicas para as provincias galegas.

Pola ausencia dunha lexicografía acaída, nomeadamente na onomástica, toponimia incluída, e na terminoloxía técnico-científica, mesmo aparecen nas versións galegas, as denominacións españolas de países como «Marruecos» ou «Argelia» en lugar de «Marrocos» ou «Arxelia» («Argelia» en galego reintegrado). En textos emitidos por organismos públicos e privados e, incluso, nos redixidos ou supervisados por persoas afectas ao Instituto da Língua Galega ou que aplican a normativa do mesmo, existen claros incumplimentos da normativa que se di defender. Por unha banda temos o caso de Concellos que, nos seus anúncios, presentan un galego moi deficiente calquera que sexa a normativa de referencia, de escritores e académicos, algúns deles firmantes da normativa oficial ou defensores publicamente dela, que a incumpren sistemáticamente. Na linguaxe técnico-económica podemos resaltar deficiencias na lexicografía científica que, profesionalmente, nos é familiar: a dos termos económicos ou de uso na Economía como ciencia. En xeral observamos, mesmo en publicacións oficiais ou editadas por organismos públicos galegos, o emprego de termos como «desenrolo» económico en lugar de «desenvolvemento» ou «desenvolvemento» (normativa oficial) cando, como se sabe, a economía non é algo «enrolábel» («enrollable», en español), e «desenrolábel» tamén non. Nunca que saibamos, a pesares do punto 7.2.5.1 da normativa oficial que admite como vocábulos galegos «receitar» e «receita», os vimos utilizados referindo-os aos «ingresos» económicos. Por Decreto 112/1983 (D.O. da G., 4-VIII-83) criase, segundo a versión galega, a «Comisión de Planificación, Coordinación (en lugar de "Coordenación". Pto. 4.4. da normativa oficial) e Seguimento das Inversións» da Xunta da Galiza. Poderíase, ademais, falar de «Planeamento» por «Planificación» deixando «Planexamento» para o «Planeamiento» urbano, en español; e outro tanto cabe dicir de «Inversións» perfectamente substituíbel por «Investimentos». *Investir* ou *investimento* son vocábulos, ademais de galegos, que se dan con diferentes acepcións específicas en distintas linguas romances: facer fronte, dotar, agasallar, honrar, fornecer ou, concretamente en catalán, cercar. O seu uso, en galego, referido ás «inversiones» económicas, harmoniza concretamente con o inglés e tamén, por que non?, con o portugués. E así poderíamos seguir con un inxente cúmulo de exemplos que calquera pode observar a cotío. Mesmo parece que, tanto na normativa elaborada polo Instituto da Língua Galega como na súa aplicación práctica, do que se trata é nomeadamente de renunciar ao principio 4.º da súa normativa que é precisamente o que, para a lexicografía concretamente, concorda con as teses reintegracionistas. Tal principio proclama explicitamente que nas solucións que se procuran nos cultismos para o galego, e entre tais cultismos está a terminoloxía científica e técnica que en grande parte se emprega mesmo no ensino, procurarase a harmonía con as demais linguas, especialmente as romances, e en particular con o portugués.

Deficiencias como as arriba apuntadas producen-se, en grande parte, porque non se conta con outros estudosos, investigadores e profesionais que os filólogos que subscreben e apoian a normativa ortográfico-morfolóxica oficial. Ao non recabaren, os poderes públicos galegos, asesoramento de outros colec-

tivos profesionais: advogados, arquitectos, apareladores, titulares mercantis, enxeñeiros, economistas, etc., etc., dificilmente se poderá atinxir en galego unha lexicografía normativa suficientemente decantada e acaída. E así despois acontece que, en lugar de traduciren ao galego Cadernetas de depósitos bancarios ou contabilistas ou economistas que exercen a súa profesión en galego, fan este labor mesmo filólogos sen outra formación complementaria que a que, como tais, lles é propia. Postos a contar con Académias mesmo non se conta, por exemplo, con a Galega das Ciencias.

O único Concello que se ocupa e preocupa por estas cuestións interdisciplinares é o de Vigo. En contactos recentes con o Coléxio de Economistas de Pontevedra, o único coléxio profesional, que se saiba, que conta desde 1931 con un Servizo de Normalización Lingüística, acordaron a edición ou co-edición dun Vocabulario dos termos económicos máis usuais, así como estender este tipo de iniciativas a outros colexios profesionais e demais entidades corporativas de dereito público. En troca, outro Concello veciño ao de Vigo publicou recentemente un vocabulario de termos comerciais e mercantis sen o asesoramento profesional correspondente. O Coléxio de Economistas, pola súa banda, ten xa en marcha un Plano de Traballo no tocante á Normalización Lingüística que podemos resumir nos seguintes puntos: 1) Continuar dirixindo-se a todo tipo de institucións e particulares que teñan asumidas responsabilidades de normalización lingüística do idioma galego. 2) Colaborar e solicitar ditames filolóxicos para os casos puntuais que susciten dúbidas na lexicografía comercial, mercantil, empresarial, etc. de tipo económico ou de uso na Economía como ciencia. 3) Dada a insuficiente decantación da normativización do idioma galego —tal como analisan nunhas «Consideracións Prévias»— este Coléxio Profesional continuará, ao respecto, mantendo o seu posicionamento ecléctico por entender que, ao non ser definitivo, é o que mellor se presta á concordancia precisa sobre o tema, e porque, ademais, pretende-se evitar, con seriedade e rigor, os posibles feitos consumados, incorrectamente, dun xeito máis ou menos irreversible, para os casos de discrepancia entre expertos da lingüística teñen previsto empregar a opción ortográfica, morfolóxica e lexicográfica que se desenvolve concretamente no Dicionario Galego Ilustrado «NOS». 4) Organizar cursos de iniciación ao galego común para os seus colexiados para o que acudirán á Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Cultura da Xunta da Galiza. Nunha segunda fase, será o mesmo coléxio o que asuma as responsabilidades de cursos especializados para economistas e outros profesionais afíns. Labor este que entendemos especialmente útil nesta corporación para os seus colexiados que xa exercen a súa profesión en galego. 5) Na medida en que se vaian desenvolvendo e concretando os puntos anteriores, continuará-se, a resultados dos cursos especializados, a elaboración dun Vocabulario de Economía Castellano-Galego que, a modo de anexo, poderían unir ao Dicionario Galego de Economía que teñen en proxecto realizar sen presas e sen pausas. E, finalmente, 6) Realizar caisquera outras actividades que os seus colexiados suxiran ou demanden na súa condición de economistas galegos, á vez que atenderán as peticións que outras persoas ou institucións soliciten en materia de terminoloxía econó-

mica. E todo isto porque no Coléxio de Economistas de Pontevedra entenden que, sen prexuízo nen prexulgamento do asesoramento filolóxico previo, é precisamente aos economistas, como a outros profesionais nos seus campos específicos de actuación, aos que lles cumpre a decantación definitiva da terminoloxía científica que, en cada caso, lle é propia como aconteceu e acontece en calquera lingua normal ou mínimamente normativizada.

Se o proceso de normativización se presenta aínda hoxe incoerentemente concebido e executado, o de normalización ten pendente de comezar, salvo no ensino, o desenvolvemento lexislativo e a súa execución segundo as poucas máis que recomendacións que a Lei de Normalización Lingüística recolle no seu articulado. A diferenza do que xa se fai en Cataluña, Valéncia, as Baleares, como en Andorra e Rosellón francés, a respecto da aprendizaxe do catalán, aquí aínda non se fixo ningún tipo de avaliación ou enquérito sobre os resultados da introdución do idioma galego no ensino. Como resaltou recentemente un destacado intelectual galego, máis que de política de normalización, cabe falar de apolítica de normalización lingüística. E esta é, sen dúbida, a conclusión máis preocupante de todas as que levamos explicitado até aquí. As suxestións que se nos ocorren sobre as deficiencias salientadas están espraizadas en todo o que xa dixemos. Cada quen tire tamén as súas propias conclusións.